



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCALIS

D. Xabier Munaiz Alonso
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Jesús de la Fuente Villar
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)
Dña. Mª Jesús Novoa Suárez
(Letrada da Asesoría Xurídica da Xunta)

**VOCALIS . REPRESENTANTES DA
PARROQUIA DE SIXTO, CONCELLO
DE DOZON**

D. Anibal Rouco Paredes
D. José L. Santiso Cebolido
D. Luis Castro
D. José Presas Lorenzo

SECRETARIO

D. José Mª Muiños Mayoral

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día trinta e un de maio do 2006, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 4ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "Cotorredondo e outros e Folgoso e outros", da parroquia de Sixto, do concello de Dozón.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- En data 04/04/05 D. Luis Castro Fernández e outros varios veciños do lugar de Pidre, parroquia do Sixto, no concello de Dozón, presentan solicitude instando a clasificación dos montes nomeados de Cotorredondo, A Mámoa, Pedra Alta, Val da Rocha e As Pintarrosas coma veciñais en man común a favor dos veciños do devandito lugar de Pidre (folio 1 do expediente)

SEGUNDO.- O mesmo día 04/04/05 D. Anibal Lorenzo Rouco e outros veciños do lugar de Paredes, tamén na parroquia do Sixto, do concello de Dozón, viñeron instar igualmente a clasificación coma veciñal en man común a favor da veciñanza de Paredes dos montes chamados de Folgoso, Val das Bouciñas, Cima da Costa dos Puzos e Val da Serra (folio 2A do expediente)



TERCEIRO.- Coas respectivas solicitudes acompañábase determinada documentación, a que foi ampliada e completada no período concedido para subsanar as eivas e fallas advertidas pola Administración.

CUARTO.- Polo alcalde do concello de Dozón produciuse o informe obrante ó folio 10, no que confirmaba que os montes Cotorredondo, A Mámoa, Pedra Alta, Val da Rocha e As Pintarrosas viñan sendo aproveitados desde tempos inmemoriais polos veciños do lugar de Pidre.

Igualmente, por informe obrante ó folio 11A, participará que dos antecedentes obrantes no concello se desprende que os montes Folgoso, Val das Bouciñas, Cima da Costa dos Puzos e Val da Serra estaban a ser utilizados polos veciños do lugar de Paredes tamén desde tempos inmemoriais.

QUINTO.- Como fose que en ambas as dúas solicitudes se consignaba que *"na actualidade dito monte está consorciado coa Xunta co número de consorcio 2294 e que foi repoboado aproximadamente no ano 1995"* e consta nos arquivos do Servizo de Montes e Industrias Forestais que aquel consorcio fora asinado coa parroquia do Sixto e que tales actuacións afectaban á totalidade da parroquia, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, en sesión celebrada en 29.06.05, acordou acumular as dúas solicitudes e *"incoar expediente de clasificación dos montes Cotorredondo, A Mámoa, Pedra Alta, Val da Rocha, As Pintarrosas, Folgoso, Val das Bouciñas, Cima da Costa dos Puzos e Val da Serra a favor dos veciños da parroquia do Sisto"* (folio 27 do expediente).

SEXTO.- Consonte a documentación facilitada polos solicitantes e os oportunos informes do Servizo de Montes, ás pezas en cuestión corresponden as seguintes descrições:

Parcela 1.-

Nome do Monte: Cotorredondo, A Mámoa, Pedra Alta, Val da Rocha e As Pintarrosa.

Cabida: aproximadamente 42'5 Hectáreas.

Lindes:

Norte: Estrada comarcal C-533 (Lalín-Chantada) e predios particulares de Antonio Rodríguez Caseiro, José Presas Lorenzo, Manuel Caseiro Rodríguez, Luis Castro Fernández, José Manuel Diéguez Presas, José Rodríguez Caseiro, Manuel Lalín García, Edelmira Gómez Calviño e Belisario Presas Valladares

Sur: Devasa que **"divide os montes dos veciños dos lugares de Pidre e Paredes"**;

Leste: Camiño público que separa de predios particulares de veciños do lugar da Lagoa (parroquia de Vilarello, do Concello de Dozón

Oeste: Camiño público e fincas particulares de Antonio Rodríguez Caseiro, José Presas Lorenzo, Manuel Caseiro Rodríguez, Luis Castro Fernández, José Manuel Diéguez Presas, José Rodríguez Caseiro, Manuel Lalín García, Edelmira Gómez Calviño, Belisario Presas Valladares e Amelia Sinesia Campos:



Encravados: Ha de considerarse unha carballeira (1 Ha. Aproximadamente) e unha extensión a prado (cerca de 0'5 Ha.) no límite noroeste do monte.

Servidumes e ocupacións: Unha liña eléctrica (150 m. aproximadamente) e unha pista pública (100 metros) que comunica o monte coa estrada comarcal C-533; así coma a presenza dun medidor de velocidade e dirección do vento.

Parcela 2.-

Nome do Monte: Folgoso, Val das Bouciñas, Cima da Costa do Puzos e Val da Serra.
Cabida: 18'5 Hectáreas aproximadamente.

Lindes:

Norte: Devasa que “divide os montes do veciños dos lugares de Pidre e Paredes”;

Sur: Camiño público que separa do monte veciñal en man común de Barrio

Leste: Camiño público que xebra este monte dos terreos particulares de veciños da parroquia de Vilarello

Oeste: Devasa do propio monte que separa de fincas particulares de Eliseo Sobrino Carral, Aníbal Lorenzo Rouco, Manuel Santiso Rodríguez, Raúl Carral Pereiro, Otilia Chorén Areán, Otilia González Diéguez, Lidia González Diéguez, José González Diéguez, Antonio Rodríguez Caseiro, José-Manuel Diéguez Presas, Manuel Caseiro Rodríguez, Luis Castro Fernández, José Rodríguez Caseiro, Manuel Lalín García, José Presas Lorenzo, Belisario Presas Valladares e Edelmira Presas Valladares.

SETIMO.- A Rexistradora da Propiedade de Lalín certifica que os anteriores montes non figuran inscritos nese Rexistro (folio 37).

OITAVO.- Recibida a anterior certificación abriuse un período de alegacións, previa comunicación da iniciación do expediente ós señores Castro Fernández (folio 38) e Lorenzo Rouco (folio 40), así coma ó concello de Dozón (folio 42), Servizo de Montes e Industrias Forestais (folio 44) e Rexistro da Propiedade de Lalín (folio 46), publicándose o edicto en cuestión no Diario Oficial de Galicia de 01.03.06 (folio 54) e no taboleiro de anuncios do concello (folio 50).

NOVENO.- Nunha primeira proposta de resolución, de data 11.05.06, e como sexa que o acordo de acumulación das solicitudes non merecera ningunha obxección, o Instructor propuxo clasificar coma veciñal en man común todos os anteriores montes a favor dos veciños da parroquia do Sixto, do termo municipal de Dozón, consonte así se incoara.

DECIMO.- En reunión do Xurado celebrada en data 31/05/06, comentándose que a incoación conxunta non había de prexulgar a titularidade a favor dos diversos lugares, escoitados os representantes veciñais, quen se pronuncian a prol dunha clasificación diferenciada, e advertida a circunstancia de que a parroquia do Sixto comprende outros varios lugares enteiramente alleos ós montes en cuestión, decídese a devolución do expediente ó Instructor “a fin de que redacte unha nova proposta de resolución, no senso de clasificar cada un dos montes para os respectivos lugares”.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A teor do disposto no artigo 9 da Lei 13/89, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, a clasificación coma veciñal dos montes obxecto do presente expediente, achados no concello de Dozón, corresponderá ó Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra.

Segundo.- Consonte o artigo 1 da amentada Lei 13/89, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, estes son *“os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non coma entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, polos membros daquelas na súa condición de veciños”*.

Segundo a doutrina e abondosa xurisprudencia, o que caracteriza ós montes veciñais en man común é o seu aproveitamento consuetudinario e mancomunado polos veciños coma grupo social, obrando coma unha comunidade xermánica sen atribución de cotas.

Terceiro.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común decidiu en 29/06/05 a incoación do oportuno expediente canto ós montes Cotorredondo, A Mámoa, Pedra Alta, Val da Rocha e As Pintarrosas, dos veciños do lugar de Pidre, e Folgoso, Val das Bouciñas, Cima da Costa dos Puzos e Val da Serra, dos veciños do lugar de Paredes, na parroquia do Sixto, do concello de Dozón, sen que nin polos numerosísimos colindantes, nin pola administración local se formulara obxeción ou reparo ningún.

Antes ben, dos informes obrantes no expediente, da documentación unida e dos antecedentes figurados nos arquivos do Servizo de Montes, resulta acreditado o aproveitamento veciñal dos montes anteditos, uns polos veciños do lugar de Pidre e outros polos veciños do lugar de Paredes.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**


Clasificar coma veciñais en man común os montes “Cotorredondo, A Mámoa, Pedra Alta, Val da Rocha e As Pintarrosas”, de acordo coa cabida e lindes reflectidos no antecedente de feito sexto, e a planimetría elaborada polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente resolución a favor dos veciños do lugar de Pidre, na parroquia do Sixto, do termo municipal de Dozón.



Clasificar coma veciñais en man común os montes "Folgozo, Val das Bouciñas, Cima da Costa dos Puzos e Val da Serra", de acordo coa cabida e lindes reflectidos no antecedente de feito sexto e a planimetría elaborada polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente resolución, a favor dos veciños do lugar de Paredes, na parroquia do Sixto, do termo municipal de Dozón.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





Nº DA FOLLA :
154-24
154-34

 MONTE "COTORREDONDO E OUTROS"
C.M.V.M.C. DE PIDRE
SUPERFICIE : 42,5 hos. Aprox.

DATA : AGOSTO-2006
ESCALA : 1/5.000
AUTOR : TOPOGRAFIA

TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACIÓN
CONCELLO : DOZÓN PARROQUIA : O SIXTO
COMUNIDADE : PIDRE MONTE : COTORREDONDO E OUTROS

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
SERVIZO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA